

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Dereito financeiro e tributario I: Institucións e fontes				
Materia	Dereito financeiro e tributario I: Institucións e fontes			
Código	P04G092V01204			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego Inglés			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Rodriguez Losada, Soraya			
Profesorado	Aneiros Pereira, Jaime Mosquera Pena, Juan Antonio Rodriguez Losada, Soraya			
Correo-e	soraya.losada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O Dereito Financeiro e Tributario é un materia que ten por finalidade o estudo da ordenación xurídica dos ingresos e gastos públicos, así como das relacións xurídicas que xorden entre a Administración e os particulares. A materia obxecto de estudo estructúrase en tres grandes apartados. Dun lado, o primeiro apartado serve de introdución ao estudo do Dereito Financeiro, destacando a análise das fontes desta rama xurídica e do poder financeiro nos tres niveles de Facenda (Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais), a interpretación e a aplicación dos tributos. O segundo apartado correspóndese coa análise dos ingresos e gastos públicos. A terceira parte é a denominada Parte xeral do Dereito Tributario, na que se enfronta o estudo do tributo e a obriga tributaria e dos seus elementos esenciais.			

Competencias	
Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo
B2	Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima
B3	Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares
B4	Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público
B6	Aplicar o coñecemento relacionado coa dirección e xestión pública na práctica
C5	Describir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía
C8	Identificar, interpretar, planificar e xestionar os recursos económico-financeiros das Administracións Públicas
C9	Identificar e aplicar o marco normativo da actividade que realizan as Administracións Públicas
C14	Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aplicables á xestión pública

D1	Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiales (castelán e galego) como nunha lingua extranxeira
D4	Dominar as TIC relationadas coa titulación no ámbito académico e profesional
D5	Integrar a aprendizaxe autónoma
D6	Adaptarse a novas situacións

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Recoñecer o significado e contido da actividade financeira como obxecto de coñecemento do Dereito Financeiro e Tributario	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6
Identificar os institutos esenciais do Dereito Financeiro e Tributario	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6
Describir as fontes do ordenamento financeiro-tributario español	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6
Integrar o Dereito tributario nacional co Dereito internacional e o Dereito da Unión Europea	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6
Enumerar os distintos tipos de ingresos públicos, prestando especial atención ao tributo e os seus elementos esenciais	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6
Aplicar as normas financeiras a supostos concretos	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6
Identificar e resolver problemas reais ou ficticios en relación co réxime xurídico-financeiro das Administracións Públicas, argumentando xurídicamente	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6
Empregar as bases de datos especializadas en materia fiscal e demáis ferramentas dixitais, obtendo información útil para as persoas especialistas no ámbito financeiro e tributario	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6

Contidos

Tema	
PRIMEIRA PARTE: INTRODUCIÓN AO ESTUDO DO DEREITO FINANCEIRO E TRIBUTARIO	1. Concepto e contido 2. Principios de xustiza financeira 3. Fontes do Dereito Financeiro e Tributario 4. Poder Financeiro 5. A aplicación e interpretación das normas financeiras
SEGUNDA PARTE: INGRESOS E GASTOS PÚBLICOS. SUBVENCIÓNS	1. O obxecto da actividade financeira. Aspectos xurídicos 2. Os ingresos públicos 3. Os gastos públicos. Dereito Orzamentario. 4. Subvencións

TERCEIRA PARTE: O TRIBUTO E OS SEUS ELEMENTOS ESENCIAIS	1. O tributo e a obriga tributaria 2. Concepto e clases de tributo 3. Obrigados tributarios 4. Cuantificación 5. Extinción 6. Garantías da débeda tributaria

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	29	45	74
Resolución de problemas	4	10	14
Estudo de casos	4	15	19
Resolución de problemas de forma autónoma	2	9	11
Foros de discusión	2	4	6
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da/do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Estudo de casos	Método a través do cal o alumnado aprende a aplicar os textos xurídicos adecuados para resolver determinados problemas prácticos. O alumnado deberá elexir as normas correctas e interpretalas adecuadamente, para cada situación creta. Con ísto conséguese despertar o interés sobre a materia amosando a súa importancia práctica, además de desenvolver a comprensión dos textos xurídicos.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado sitúase no centro da aprendizaxe, sendo capaz de resolver de forma autónoma certos problemas ou retos. O profesorado apoia ao alumnado no camiño á solución, a modo de guía ou supervisor.
Foros de discusión	Espazos para discusións académicas que contribúen ao desenvolvemento do pensamento crítico estratéxico a partir do diálogo. A/o docente facilita, aconsella e guía ao alumnado para que saiba relacionar as fontes de información apropiadas.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Foros de discusión	O alumnado poderá; resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	Nas clases prácticas presenciais proporase ao alumnado a realización de distintas actividades, como casos prácticos ou resolución de problemas ou exercicios. Estas actividades só serán avaliadas se o alumnado se somete a avaliación continua. Ademais, valorarase especialmente a participación activa da alumna/o, tanto nas clases maxistrais como nas devanditas clases prácticas.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6
Exame de preguntas obxectivas	Probas de resposta curta ou test realizadas polo alumnado de avaliación continua	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba final que consta de dúas partes: unha práctica escrita (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica escrita (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia)	60	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C5 C8 C9 C14	D1 D2 D4 D5 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

O temario que figura no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que serán obxecto de exame. Oportunamente, a comezo do curso académico, proporcionaráselle ao alumnado un temario máis detallado cos epígrafes que conforman cada lección.

Primeira oportunidade de exame:

1.- Ao comezo do curso, o alumnado deberá manifestar a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua. A tal fin, o profesorado da materia proporcionaralle un documento que o alumnado deberá cubrir e asinar nun determinado plazo. Este documento será vinculante, de modo que o alumnado que non o asine NON poderá, con posterioridade, durante ese curso académico, cambiar de sistema de avaliación. O alumnado de avaliación continua asistirá regularmente a clase.

2.- O alumnado que se someta a avaliación continua será avaliado conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: proba final (60%), probas de resposta curta ou test (20%) e estudo de casos (20%). Na proba final, o exame de teoría escrito supoñerá o 80% e o práctico, por escrito, supoñerá un 20%. En todo caso, a alumna/o deberá acadar unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. De non acadar dita nota mínima, a cualificación que se reflectirá na acta será a correspondente á do exame.

3.- O alumnado que NON se somete a avaliación continua: a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico e o 30% da cualificación obtida no exame práctico, sendo ambos diferentes aos que realicen os alumnos de avaliación continua, no que se avaliarán todas as competencias.

4.- A proba final de avaliación, tanto para o alumnado de avaliación continua como non continua, realizarase na data, hora e lugar especificados no calendario oficial aprobado a tal efecto pola Xunta de Facultade para o curso académico 2021/2022.

Segunda oportunidade de exame:

1.- No exame de xuño/xullo, o alumnado que se acolleu ao sistema de avaliación continua só realizará unha proba final, que constará de duas partes escritas: unha práctica (na que se resolverán un ou varios casos prácticos e que supoñerá o 20% da calificación correspondente á proba final) e unha teórica (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia, supoñendo o 80% da calificación correspondente á proba final).

2.- O alumnado que se sometera ao sistema de avaliación continua conservará, exclusivamente para a segunda oportunidade de exame, a nota que obtivo ao longo do curso.

3.- Para o alumnado que NON se someta a avaliación continua, a súa calificación final estará integrada polo 70% da calificación obtida no exame teórico e o 30% da calificación obtida no exame práctico escrito, sendo ambos diferentes ao que realice o alumnado de avaliación continua.

4.- A proba final de avaliación, tanto para o alumnado de avaliación continua como non continua, realizarase na data, hora e lugar especificados no calendario oficial aprobado a tal efecto pola Xunta de Facultade para o curso académico 2021/2022.

5.- O alumnado que se sometera ao sistema de avaliación continua e non supere a proba final nin na primeira oportunidade de exame nin na segunda, poderá solicitar que se lle conserve a nota obtida no sistema de avaliación continua no curso académico seguinte (2022-2023)

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

No exame de Fin de Carreira non se terá en conta a nota de avaliación continua que o alumnado, no seu caso, obtivera no curso académico anterior. A súa nota final, nesa convocatoria, estará integrada polo 70% da calificación obtida no exame teórico e o 30% da calificación obtida no exame práctico. O exame de Fin de Carreira realizarase na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado a tal efecto pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

PÉREZ ROYO, F., **Derecho financiero y tributario. Parte GEneral**, Aranzadi, 2021

MERINO JARA, I., **Derecho financiero y tributario. Parte General. Lecciones adaptadas al EEES**, Tecnos, 2021

MARTÍN QUERALT, J.; LOZANO SERRANO, C; TEJERIZO LÓPEZ, J.M.; y CASADO OLLERO, G., **Curso de Derecho financiero y tributario**, Tecnos, 2021

SIMÓN ACOSTA, E. y otros, **Código Tributario**, Aranzadi, 2021

Bibliografía Complementaria

SIMÓN ACOSTA, E. y otros, **Lo esencial del Derecho Financiero y Tributario**, Aranzadi, 2018

FERREIRO LAPATZA, J.J., **Instituciones de Derecho Financiero y Tributario**, Marcial Pons, 2010

PITA GRANDAL, A.M. (Coord.), **Textos y casos prácticos de Derecho Financiero y Tributario**, Marcial Pons, 1998

CALVO ORTEGA, R. (Dir.), **Comentarios a la Ley General Tributaria**, Cívitas-Thomson Reuters, 2009

PISTONE, P. et. al, **Fundamentals of Taxation An introduction to Tax Policy, Taw Law and Tax Administration,**, IBFD, 2019

SOLER ROCH, M. T., **Tax Law in Spain**, Springer Netherlands, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito financeiro e tributario II: Xestión tributaria e sistema fiscal/P04G092V01209

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito administrativo I/P04G092V01106

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Para a materia de Dereito Financeiro e Tributario I: Institucións e Fontes, planifícanse as seguintes medidas excepcionais:

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
No caso de que a docencia non se poida desenvolver de maneira presencial por razóns sanitarias, as clases serán impartidas de xeito remoto a través das aulas virtuais e co apoio da plataforma de Teledocencia Moovi.

As sesións maxistrais e seminarios prácticos serán impartidos polo profesorado responsable empregando o complemento de Aula Virtual habilitado no remoto Campus da Universidade de Vigo. O profesorado estará dispoñible para apoiar a resolución de dúbidas e as sesións de titoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia), baixo a modalidade de concertación previa. Para os seminarios, dende a plataforma Moovi proporcionaráselle ao estudantado unha serie de supostos prácticos cunha semana de antelación que terán que ser preparados pola súa conta para a sesión correspondente. A través da aula virtual o profesorado levará a cabo unha explicación dos supostos prácticos plantexados e farase unha posta en común entre o profesor e os alumnos para establecer as pautas de solución, o que permitirá verificar a adquisición das habilidades correspondentes e a asimilación de contidos.
A avaliación continua realizarase de acordo co disposto na guía docente e o cronograma, establecendo como medios para avaliar as competencias do alumnado as actividades descritas a continuación. As probas de avaliación continua realizaranse a través da plataforma Moovi segundo o indicado no cronograma. Por outra banda, as entregas dos casos prácticos indicados faranse ao profesorado responsable e valoraranse para os efectos da cualificación da avaliación continua, de acordo co disposto na guía docente. Así mesmo, para a avaliación continua valorarase a participación activa e de calidade

do alumnado, segundo o establecido na guía docente.

EXAME:
Cando as razóns sanitarias impidan a celebración dos exames de forma presencial, o exame final realizarase segundo o establecido na guía docente e constará de: 1) Un exame práctico por escrito para o que se utilizará a plataforma Moovi cun sistema de tempo controlado que garanta que o traballo se realice individualmente e 2) Un exame de teoría escrito para o que se utilizarán o Campus Remoto e a plataforma Moovi, cun sistema de tempo controlado que garanta que o traballo se realice individualmente.
A avaliación continua e os exames realizados ponderaranse na nota final segundo o establecido na guía docente da materia.